

RÁBADE - 24 DE XANEIRO DE 2021 -

XVI MEMORIAL

EDUARDO FERNÁNDEZ VILLAMARÍN

Naceu no 1936. Iniciouse no atletismo coa carreira de cross.

Faleceu o 7 de maio de 2003 na súa vila natal de Rábade.

Toda a súa carreira deportiva, estivo vinculada ó San Fernando de Lugo. Foi un dos fundadores da Sociedade Atlética Rabadense.

En 1957. Campión provincial na categoría rural.

Campión provincial absoluto de campo a través, nos anos 1962, 1964 e 1965 en Lugo.

En 1967. Vencedor novamente do provincial de cross, e do trofeo “José Antonio Elola” na vila de Rábade

En 1959. O “I Campionato de España de Segunda Categoría” celebrado en Madrid, nas pistas da cidade universitaria, o atleta de Rábade, deu ó deporte lucense unha gran alegría ó reflectir un crono de 9 mi 37 sg nos 3000 metros obstáculos, sendo en aquel ano 1959, a quinta mellor marca nacional absoluta do ano.

No Campionato Nacional de Clubs de Segunda Categoría, celebrados en Madrid, os días 1 e 2 de setembro de 1962, triunfou por equipos o San Fernando de Lugo.

Gran xesta de Eduardo Fernández, onde gañou os 3000 metros obstáculos, e foi segundo nos 10.000 metros lisos.

Sorprendente, por inesperada, foi a victoria do San Fernando de Lugo ascendendo a 1ª división.

REGULAMENTO

Art. 1.- A carreira celebrarase de maneira virtual entre o 24 de xaneiro ata o 28 de febrero de 2021.

Art. 2.- A distancia a percorrer será un percorrido libre a elixir por cada atleta na súa categoría. Co fin de facilitar a realización da carreira, e dadas as restricións de mobilidade ocasionadas pola pandemia do Covid xa existentes en determinadas áreas, e aquelas que poidan xurdir, desde a organización non se propoñen percorridos sobre os que competir, debendo ser o participante o que elixa o percorrido ou percorridos sobre os que participar, e sendo o único responsable de cumprir coa normativa e protocolos Covid no lugar de realización do percorrido. Ademais, deberá ter en conta o respecto e cumprimento da normativa sobre seguridade viaria.

Art. 3.- A clasificación será absoluta masculina, absoluta feminina.

Art. 4.- Está prohibido o uso de vehículos de axuda.

Art. 5.- As inscricións para todas as competicións serán ata o domingo 28 de febreiro na páxina web oficial do evento. A inscrición é de balde en toda as categorías.

Art. 6.- Establécense as seguintes distancias:

CATEGORÍA MINI: Nad@s en anos posteriores o 2017. (80 metros)

CATEGORÍA A: Nad@s entre 2013-2016. (600 metros)

CATEGORÍA B: Nad@s entre 2009-2012. (1.200 metros).

CATEGORÍA C: Nad@s 2005-2008 (1.800 metros).

ABSOLUTA: Nad@s en 2004 e anteriores. (7000 metros)

Art. 7.- PREMIOS.

Haberá un sorteo de 50 vales de 50€ a gastar no comercio de Rábade entre todos os que rexistren actividade.

Art. 8 REXISTRO DE ACTIVIDADE

Para realizar e medir a túa actividade podes usar calquera dispositivo que uses normalmente nos teus adestramentos (GPS,calqueiraaplicación móbil de running, cronómetro ou facelo nunha cinta de correr). So tes que estar pendente de controlar a distancia e parar o tempo para posteriormente proceder ao rexistro.

Rexistro manual: Unha vez realizada a actividade poderás rexistrala no prazo e datas indicadas na web oficial do evento, picando no botón “REXISTRO DE ACTIVIDADE” identificándote co teu dorsal e a data de nacemento. Pedirémosche unha “proba gráfica da túa carreira (captura do track, display do GPS, ou o que creas máis conveniente.

Conta Strava: Unha vez rematada e piques en “REXISTRO DE ACTIVIDADE” identificándote co teu dorsal e a data de nacemento. Pedirá as claves da súa conta Strava para sincronizar, verifícase distancia e fecha da actividade. Sò se sincronizará nese momento.

Art.9 Non se admite cambios de titularidade na inscrición.

Art.10 A participación no evento levarase a cabo baixo a responsabilidade e propio risco dos participantes. O participante elixirá libremente e baixo a súa responsabilidade o percorrido e no momento da inscrición, manifesta atoparse fisicamente apto para percorrer a súa distancia. A organización declina toda responsabilidade dos danos que os participantes poidan ocasionar durante a proba, causarse eles mesmos ou derivar deles a terceiros.